


AL-ÁNDALUS

CONTIDOS DA UNIDADE DO LIBRO DO ALUMNO



BANCO DE RECURSOS

Educación individualizada

- Repaso e apoio. Al-Ándalus
- Afondamento. Al-Ándalus
- Autoavaliación do alumno

Proxectos de excelencia

- Proxecto social
- Proxectos de traballo cooperativo. 2.º ESO
- Intelixencia emocional e ética
- Competencia lectora. Lecturas de Xeografía e Historia
- Competencia social. Ciencias Sociais para a paz
- Tratamento da información. As Ciencias Sociais no cine

- Tratamento da información. Xeomedia: ferramentas informáticas para a Xeografía

Avaliación

- Avaliación de contidos. Controis B e A
- Avaliación por competencias. Proba
- Guía das avaliacións externas

Recursos dixitais

- LibroMedia. Al-Ándalus

Ferramentas

- Xerador de avaliación
- A prensa na aula

ITINERARIOS DIDÁCTICOS

Por niveis

	Libro do alumno	Biblioteca do profesor
Básico	<ul style="list-style-type: none"> • Da conquista de al-Ándalus ao califato coas súas Claves para estudar. • Da fragmentación do califato ao reino nazarí coas súas Claves para estudar e a liña do tempo. • A vida en al-Ándalus co seu Saber máis sobre a vivenda hispanomusulmá e as súas Claves para estudar. • Descubre: Un mundo urbano. • A cultura e a arte andalusí coas súas Claves para estudar. • Actividades finais: resume o esencial, o tempo, os conceptos, os protagonistas, a cultura e a arte. 	<ul style="list-style-type: none"> • Repaso e apoio. Fichas 1, 2, 3 e 5. • Autoavaliación do alumno. • Avaliación de contidos. Control B. • Avaliación por competencias. Actividades 2, 3, 5.
Avanzado	<ul style="list-style-type: none"> • Interpreta os mapas da conquista musulmá e o califato e as conquistas de Almanzor. • Descubre: A Córdoba califal / A gran mesquita. • Interpreta o mapa do retroceso de al-Ándalus. • Descubre: A Alhambra e o Xeneralife. • Saber máis: As etapas da arquitectura hispanomusulmá. • Aplica unha técnica: Analizar a persistencia da cidade andalusí. • Resolve un caso práctico: A influencia da vivenda andalusí nos nosos días. • Actividades finais: O territorio, a sociedade, causas e consecuencias. • Comprometidos: O legado de al-Ándalus. 	<ul style="list-style-type: none"> • Repaso e apoio. Ficha 4. • Afondamento. Fichas 6 e 7. • Autoavaliación do alumno. • Avaliación de contidos. Control A. • Avaliación por competencias. Proba completa.
De excelencia	<ul style="list-style-type: none"> • Análise ética e moral: Que é a convivencia multicultural? • Traballo cooperativo: Un catálogo de monumentos hispanomusulmáns. 	

TRABALLO CON DISTINTAS METODOLOXÍAS

Aprendizaxe Baseada en Proxectos (ABP) e Traballo cooperativo	Proxectos de traballo cooperativo. 2.º ESO Proxecto social
Metodoloxías indagatorias	Competencia social. Ciencias Sociais para a paz Tratamento da información. Xeomedia: ferramentas informáticas para a Xeografía
Alfabetización en medios de comunicación	Tratamento da información. As Ciencias Sociais no cine A prensa na aula

DESCRICIÓN DE IMAXES DA UNIDADE

EVOLUCIÓN DE AL-ÁNDALUS



Nestes tres mapas pódese ver a evolución dos territorios musulmáns e dos cristiáns durante a Idade Media. Os mapas dan unha visión global da Península en diferentes datas, polo que o seu estudo detallado é moi útil.

Cada mapa representa un momento significativo na evolución da Península. Neles pódese observar o progresivo desprazamento cara ao sur das fronteiras entre o mundo cristián e o mundo musulmán.

Tras unha primeira época de expansión musulmá, cun islam unificado e centralizado, seguiu outra en que se rompeu a unidade no islam, e na Península chegouse á fundación do emirato independente e do califato de Córdoba, desvinculados do poder de Damasco. O poder estaba moi fragmentado, por iso, ao desaparecer o califato de Córdoba no século XI, produciuse a conseguinte desorganización militar e administrativa, e os musulmáns dificilmente puideron facer fronte á expansión cristiá. Unicamente co espírito de guerra santa ante os cristiáns, que representaban os almorábides e os almohades, se freou temporalmente a descomposición política de al-Ándalus. Non obstante, tras a batalla das Navas de Tolosa, en 1212, o avance cara ao sur dos cristiáns foi imparable e os musulmáns quedaron acantoados no reino nazarí de Granada, que sobreviviu ata finais do século XV.

No primeiro mapa pódese ver como, tras a vitoria de Tariq e Musa no 711 sobre as tropas do rei don Rodrigo na batalla de Guadalete, o avance musulmán foi moi rápido. Animado polo éxito, Tariq dirixiuse a Toledo, capital da monarquía visigoda, e despois a Zaragoza, cidade desde a que se controlaba todo o val medio do Ebro. Finalmente, remontando o Ebro, dirixírase á Submeseta norte, ata Astorga, no ano 714.

No segundo mapa, distínguense xa os primeiros reinos cristiáns e como a fronteira entre os cristiáns e os musulmáns se moveu ata o río Douro. Destacan neste momento as expedicións de Almanzor. Almanzor foi un xeneral que levou a cabo numerosas campañas de razzias contra os reinos cristiáns. Tratábase de crear un estado de inseguridade permanente que lles imposibilitase aos cristiáns desenvolver unha vida minimamente organizada fóra dos castelos e das cidades fortificadas, así como de crear pánico entre a poboación.

A súa campaña máis coñecida foi o ataque á cidade de Santiago de Compostela, que foi destruída e, como botín, levou ata Córdoba as portas da cidade e as campás da catedral.

No último mapa obsérvase que o territorio musulmán se reduciu ata o río Texo na zona oeste e ata o río Ebro, no leste, mentres que no centro chega case ao río Guadalquivir. Neste avance cristián foi decisiva a unión dos distintos reis cristiáns para facer fronte aos pobos almorábides e almohades que chegaron á Península. Así, pouco a pouco al-Ándalus irá perdendo aínda máis territorios, ata quedar reducida cara ao ano 1300 ao reino nazarí de Granada, que comprendía as actuais provincias de Málaga, Almería, Granada e a parte oriental de Cádiz, e que durará ata 1492, cando foi conquistado polos Reis Católicos.

DESCRIBIÓN DE IMAXES DA UNIDADE

O PATIO DOS ARRAIÁNS (ALHAMBRA DE GRANADA)

Sobre o outeiro granadino de al-Sabika fixou a súa residencia o primeiro dos reis nazarís, Ibn al-Ahmar; ao seu arredor foron construíndo diversas mansións os membros da clase administrativa e aristocrática. Pola cor avermellada dos ladrillos do recinto chamouse Alhambra a todo este conxunto.

Dos edificios que comprendía a Alhambra, o palacio de Comares estaba destinado a acoller a sede do trono. O Patio dos Arraiáns do Estanque sitúase neste palacio e era o núcleo fundamental da vida e cerimoniais des-envolvidas alí.

No centro deste patio hai un estanque rectangular, elemento moi importante na arte hispanomusulmá, flanqueado por sebes de arraiáns, especie vexetal que dá nome a este patio. Nos extremos do estanque sitúanse os dous mananciais que o alimentan. O patio árabe non se concibe sen a presenza da auga contida nun estanque. Así lembran a sede e o abrasador sol dos desertos.

Desde o patio pódense contemplar dúas fachadas, a que se ve na imaxe correspóndese coa Torre de Comares. Esta torre ten corenta metros de altura. Nela distínguense tres zonas: o pórtico, a sala chamada da Barca e, ao fondo, o Salón do Trono, a dependencia máis ampla da Alhambra.

O pórtico está composto por seis arcos menores que, agrupados en dous tríos, acompañan lateralmente a arcada central, que se abre a máis altura ao ocupar o espazo da *sebka* (decoración de retícula), que coroa os outros seis; o que era de maior altura permitía ver a porta de acceso á Sala da Barca.



Os arcos son peraltados, con silueta de campá, carecen de función construtiva e son só un adorno. Están sustentados por outras estruturas ás que recobren decorativamente. As columnas teñen o fuste liso, os capiteis presentan un dobre corpo, o inferior coa decoración de cintas e o superior de forma cúbica e profusamente decorado. Tanto os arcos coma as columnas están decorados con inscricións caligráficas.

A XIRALDA (SEVILLA)

O dominio almohade reconstruíu de novo a unidade da península ibérica e difundiu un ideal relixioso que tivo repercusións na arte. A arte cordobesa de épocas anteriores influíu nas realizacións almohades.

Caracterízase esta arte por unha abundante decoración. Os panos de *sebka* e os seus peculiares rombos cobren os espazos lisos, mentres que os vans encerrados entre os arcos se ven completados con elementos colgantes. Exemplo desta arte é a Xiralda de Sevilla. Foi mandada construír en 1195 polo almohade Abu Iaqub e é o único resto da mesquita sevillana que se conserva. Tiña catro corpos profusamente decorados e no seu remate contaba cun corpo de menores dimensións. Coa chegada dos cristiáns, sufriu diversas modificacións no século XVI co fin de servir de campanario á catedral.



PARA SABER MÁIS

O TERMO «AL-ÁNDALUS»

O significado do termo «al-Ándalus» non está claro. A primeira referencia encóntrase nas primeiras moedas que se cuñan na Península en latín e árabe poucos anos despois da derrota do rei godo Rodrigo no 711. Nestas moedas identifícase o termo en latín «Hispania» co árabe «al-Ándalus».

Por outra parte, existen numerosas interpretacións etimolóxicas. Algúns historiadores, por exemplo, suxiren que o termo «Ándalus» é de orixe bérber e pode significar «terra labrada e sucada por ríos ou por un gran río».

O certo é que o termo al-Ándalus nunca chegou a ser un concepto xeográfico definido, senón que foi variando ao longo do tempo en función da extensión do territorio dominado polos musulmáns. Este é un fenómeno común a todas as grandes potencias da historia; así, por exemplo, o concepto de Grecia na Antigüidade era moito máis amplo ca na actualidade.

ALCÁZAR E ALCAZABA

En orixe, un alcázar, que provén do árabe *al-qasr*, que significa «castelo», era un palacio ou castelo árabe. Diferenciábase da *alcazaba* polo seu carácter residencial.

Posteriormente, o termo «alcázar» pasou a designar todo recinto fortificado construído en lugares estratéxicos para residencia das persoas reais ou de importancia. En España, destacan os de Toledo, Segovia e Sevilla.

A *alcazaba*, que deriva do árabe *qasabah*, pola súa parte, era unha fortaleza que adoitaba construírse no interior das poboacións ou nas súas proximidades, e tiña carácter exclusivamente militar e defensivo. É dicir, tratábase dunha fortificación urbana. Na Península pódense destacar as da Alhambra, Mérida, Almería e Málaga.



Alcazaba de Málaga.

TÉCNICAS DE REGADÍO: NORAS

O uso de noras na Península, que se poden definir como rodas elevadoras de auga, parece remontarse aos séculos VIII-XI, é dicir, á época musulmá. Así parecen demostralo as grandes noras que se conservan, como a de Alcantarilla e La Ñora, na actual Rexión de Murcia.

Os investigadores cren que, aínda que foron os árabes os que impulsaron estes artefactos, as súas raíces parecen estar en épocas anteriores.

Foi Arquímedes quen primeiro se referiu –no século III a.C.– á posibilidade de elevar a auga por medio dunha roda que moveuse a propia corrente, e dous séculos despois o poeta Lucrecio e o arquitecto Vitrubio mencionaron a existencia destas rodas elevadoras no leito dalgúns ríos.

O invento foi desenvolvido e mellorado polos romanos, se ben coa finalidade de extraer a auga nas minas en que a súa existencia facía imposible a explotación. Os árabes aprenderon a técnica dos romanos, pero introduciron algunhas modificacións porque querían usalas para regar e tiñan que ser máis lixeiras, xa que había que conseguir que puidesen ser movidas por caudais menores de auga.

O termo «nora» procede do árabe *na'ura*, que significa «a que chora, a que xeme». O bater e o seu desprazamento cos recipientes cargados de auga, que vai depositando nunha altura superior, produce unha especie de xemido.

Hoxe poucas seguen en activo. O seu funcionamento é o seguinte: a corrente de auga move as paletas da nora e fai que os recipientes ascendan cargados de auga e a depositen nunha canle que a distribúe por terras máis elevadas.



Nora de Alcantarilla (Murcia).

PARA SABER MÁIS

ABDERRAMÁN O EMIGRANTE (AL-DAJIL)

Os Omeias eran unha familia aristocrática con gran poder na Arabia preislámica, e pertencían á mesma tribo ca Mahoma, a dos Quraysís.

No 661, o seu líder, Muawiya, desprazou do poder a Alí, sobriño e xenro de Mahoma, e a partir de entón gobernaron desde Damasco. No 750 foron substituídos no califato por unha insurrección dirixida pola familia dos Abasidas.

Os membros da familia Omeia agocháronse durante algún tempo, pero o novo califa Abul-Abbas promulgou unha amnistía e convidounos a volver aos seus fogares. Non obstante, cando estaban reunidos celebrando o acontecemento, o califa ordenou exterminalos.

Só escapou un dos príncipes, Abderramán (Abd-al-Rahman ben Muawiya), que fuxiu a África. Despois de múltiples aventuras e de superar varios intentos de asasinato, chegou a al-Ándalus (755), onde pouco a pouco recibiu o apoio dos iemenís e os clientes omeias, que foron engrosando as súas filas ata formar un verdadeiro exército e tomar Córdoba (756), para despois pacificar por enteiro al-Ándalus en menos dun ano, e converteuse en emir independente.

Abderramán gobernou durante máis de trinta anos, aínda que tivo que enfrontarse a varias rebelións, moitas instigadas desde o califato.

Embeleceu a súa capital, Córdoba, importando árbores froiteiras e hortalizas de Oriente para reproducir os xardíns en que viviu de novo. Tamén trouxo artistas que construíron o seu palacio (chamado de Damasco) e a gran mesquita. Ademais, fundou unha dinastía que levou ao seu máximo esplendor a España musulmá.



Nave de Abderramán da mesquita de Córdoba.

O XADREZ

A paixón dos hispanomusulmáns polo xogo do xadrez pasou aos reinos cristiáns e, grazas a iso, é hoxe coñecido no mundo enteiro.

Este xogo era de orixe persa e denominábase «Xogo real». Unha lenda conta que foi inventado por un mozo chamado Sissa no século IV a.C. para o seu monarca.

O taboleiro representaba o mundo e a súa orixe é india. As cores branca e negra simbolizan o nacer e o morrer, o día e a noite. As franxas de casas exteriores representan as casas da Lúa; as interiores, a órbita do Sol e os doce signos do zodíaco. As catro interiores representan as estacións.

As pezas móvense como dous exércitos nun campo de batalla. Simbolizan os exércitos de anxos e demos que loitan polo universo.

Os árabes simplificárono reducíndoo a unha batalla, tal como se coñecía na Idade Media. A expresión «xaque mate» deriva do árabe, e significa «morte ao rei».

AVERROES E MAIMÓNIDES

Averroes e Maimónides foron dous exemplos de personalidades que sufriron a persecución pola doutrina que impuxeron os almohades na Península.

Averroes foi un dos principais filósofos medievais. Estudou as obras do grego Aristóteles, e grazas ao seu labor coñecemos a filosofía aristotélica en Europa.

Pretendía harmonizar as argumentacións racionais da filosofía de Aristóteles coa relixión. Os seus comentarios filosóficos enfrontárono coa cúpula relixiosa, polo que foi desterrado.

Pola súa parte, Maimónides, sabio xudeu que influíu tanto nos xudeus coma nos cristiáns igual ca Averroes, buscou conciliar os coñecementos científicos coa fe.

Demostrou que non hai contradición entre o discurso relixioso e os coñecementos da razón, o que deixou reflectido na súa *Guía de perplexos*, escrita en árabe.

O legado de ambos os pensadores traspasou o mundo islámico e influíu en autores cristiáns tan importantes como Tomé de Aquino.

BANCO DE DATOS

PALABRAS GALEGAS DE ORIXE ÁRABE

O idioma galego é froito non só da evolución do latín, senón tamén das achegas feitas pola presenza do islam na Península. Moitas das palabras que teñen unha orixe árabe empezan pola sílaba al-, como as seguintes:

Albóndega: a bóla.

Alcalde: o xuíz.

Aldea: a vila.

Alférez: o xinete.

Alfil: o elefante.

Alfombra: o tapiz.

Algarismo: cada signo que expresa unha cantidade.

Almafí: óso de elefante.

Almogávar: o que provoca algaradas.

Álxebra: a redución.

Almacén: o depósito.

Outras palabras que debemos á cultura árabe son:

A: aceite, alcatrán, almofada, aduana, arrabalde, arroz, azucre, azahar, azafata.

B: baño, barrio, bata, balde, baza.

C: café, cenoria, cifra, chaleco.

D: daga, diván, dado.

E: elixir, engarzar, escabeche.

F: faquir, fideo, fulano.

G: gabán, gabela.

H: harén, haxix, hurí.

I: imán, islam, imela.

K: kharxa, kurdo.

L: laranxa, laúde, limón, lima, laca, latón.

M: marfil, mesquiño, mesquita, meca, muladí.

N: nácara, nora, nazará, noca.

O: olé, oxalá, otomán.

Q: quermes, quintal, quilate, quiosco.

R: refén, rubia (moeda).

S: sandía, sorbete, saharauí, siroco, serafín, sultán.

T: tabique, talco, taifa, tarima, tambor, tabaco.

U: ulema.

V: valí, visir.

X: xinete, xirafa, xerra.

Z: zafra, zoco, zoquete.

TOPÓNIMOS DE ORIXE ÁRABE

A influencia da lingua árabe pódese encontrar nos topónimos da península ibérica. Entre eles pódense destacar:

- Albarracín (Teruel, Aragón). Deriva do árabe Al Banū Razin, nome dun dos seus históricos gobernadores, de orixe bérber.
- Albacete (Castela-A Mancha). O seu nome significa planicie, chaira, e provén do árabe *al-Basit*.
- Alcalá de Henares (Madrid), do árabe *al-qulat nahar*, significa «o castelo de Henares».
- Alcántara (Cáceres, Extremadura). Significa «a ponte».
- Almadén (Ciudad Real, Castela-A Mancha). Deriva da palabra *al-Maydan*, que significa «o campo».
- Alxeciras (Cádiz, Andalucía). Significa «a illa verde».
- Almería (Andalucía). Deriva de *al-Mariyya*, e significa «o espello do mar».
- Badaxoz (Extremadura). Tradución ao árabe do seu significado latino *Pax augusta*.
- Borja (Zaragoza, Aragón) do árabe *ao-borj* que significa «a torre».
- Guadalaxara (Castela-A Mancha). Do árabe *wadi I-hidjara*, «río de pedras».
- Guadalupe (Cáceres, Extremadura), significa «río dos lobos».
- Madrid (Madrid). O seu significado é «fonte ou manancial».
- Medina Sidonia (Cádiz, Andalucía). Deriva do árabe *madinat*, «cidade».
- Medinaceli (Soria, Castela e León). Significa *medinar Salim*, é dicir, «cidade de Salim».
- Murcia (Rexión de Murcia), que significa, «embarcadero».
- Tarifa (Cádiz, Andalucía). Prové do primeiro nome do conquistador bérber, Tarif ibn Malik.
- Xaén (Andalucía), que ten o significado de «encrucillada de caravanas».

En Galicia tamén existen algúns topónimos de orixe árabe, como A Almuíña, A Almuzara, Al-fándega, Barrio, Rábade, Santa Cruz de Arraldo...

RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS E MULTIMEDIA

NA REDE

<http://www.alhambradegranada.org/>

Sitio web con información sobre a Alhambra de Granada.

<http://www.arteguias.com/islamal-andalus.htm>

Este enderezo ofrece unha ampla información sobre a arquitectura islámica nas distintas etapas de al-Ándalus.

<http://www.biografiasyvidas.com/biografia/a/averroes.htm>

Neste enderezo pódese ler unha biografía de Averroes, médico e filósofo musulmán.

<http://www.historiasiglo20.org/HE/2.htm>

Sitio en que se resume a historia e evolución de al-Ándalus.

www.legadoandalusi.es/legado/contenido/historia/legado.html

Sitio web que informa sobre al-Ándalus: cronoloxía, aspectos históricos máis relevantes e aspectos artísticos.

www.nationalgeographic.com.es/categoria/historia/seccione

Mostra artigos interesantes sobre diversos aspectos da historia universal, concretamente, «Os Reis Católicos conquistan Granada».

LIBROS

Radwa ASHUR, *Granada* (2008).

A través dunha familia de mouriscos, relata os sentimentos dos granadinos musulmáns ante a perda da súa cultura e as transformacións que vai sufrindo pouco a pouco a cidade.

Frank BAER, *A ponte de Alcántara* (1991).

Mostra a sociedade do século XI e XII no marco da convivencia de tres civilizacións: a cristiá, a musulmá e a xudía.

José Luis CORRAL, *O salón dourado* (2006).

Conta a historia dun rapaz ruso que, tras medrar en Constantinopla, terminará na Zaragoza musulmá convertido ao islam.

Yael GUILADI, *Os cipreses de Córdoba* (1997).

É unha das tres novelas que compoñen a triloxía escrita por Guiladi sobre a vida da comunidade xudía na España medieval e a convivencia con cristiáns e musulmáns.

Washington IRVING, *Contos da Alhambra* (1832).

Mediante contos e anécdotas, o escritor narra a viaxe que realizou polo sur de España, centrada nos seus costumes e tradicións.

Magdalena LASALA, *Almanzor: o gran guerreiro de al-Ándalus* (2002).

Reflicte os enfrontamentos deste gran guerreiro contra os reinos cristiáns e o desexo de ser o máis poderoso e de impoñer a súa dinastía no trono de Córdoba.

DIVULGACIÓN

IBN AL-KARDABUS, *Historia de al-Ándalus* (século XII).

Obra do famoso historiador árabe que achega información de primeira man dos anos 710-1199 a través de personaxes como Tariq, Almanzor, Alfonso VI ou o Cid, entre outros.

Titus BURCKHARDT, *A civilización hispano-árabe* (2005).

Compendio dos aspectos máis relevantes de ambas as civilizacións desde o punto de vista sociopolítico e cultural.

Jesús GREUS, *Así vivían en al-Ándalus* (2003).

Esta obra invita a coñecer mellor a vida e a cultura de al-Ándalus: as súas cidades, os seus costumes, as súas crenzas e as súas achegas.

Emilio GONZÁLEZ FERRÍN, *Historia xeral de al-Ándalus* (2006).

Síntese da historia de al-Ándalus desde a óptica da orientalización do occidental.

Eduardo MANZANO, *Conquistadores, emires e califas. Os Omeías e a formación de al-Ándalus* (2006).

Visión global da península ibérica desde a súa conquista polos árabes, no 711, e a súa transformación no territorio coñecido como al-Ándalus.

Rafael VALENCIA, *Al-Ándalus e a súa herdanza* (2011).

Visión interesante de al-Ándalus como nexos de unión das culturas mediterráneas, desde a conquista e o emirato dependente ata a expulsión dos mouriscos en 1609-1610.

DOCUMENTAIS

Memoria de España. *O islam e a resistencia cristiá* RTVE (2004).

Interesante documental sobre o nacemento do islam, avance e perda da península ibérica en mans da civilización islámica.

A aventura do saber. *O legado andalusí*, RTVE (2013).

Mostra os oito séculos de permanencia islámica na Península que conforman parte dos sinais de identidade da cultura española.

CINE

***Al-Ándalus, o camiño do sol*, dirixida por Antonio Tarruella e Jaime Oriol (1989).**

Historia da fundación da dinastía Omeia e a proclamación de Abderramán como emir de Córdoba.

***Réquiem por Granada*, dirixida por Vicente Escrivá (1990).**

Serie de televisión documental de oito episodios na cal, a través da figura de Boabdil, se narra a derrota fronte aos Reis Católicos. Reflicte fielmente a situación política, económica e social deste período.

Ficha 3

Organización de coñecementos

Nome: Curso: Data:

Historia e economía de al-Ándalus

1 Completa esta táboa sobre as diferentes etapas da historia de al-Ándalus.

	Conquista e emirato dependente	Emirato independente	Califato	Taifas e reinos norteafricanos	Reino nazarí
Cronoloxía					
Territorios que abrangúa					
Feitos ou características destacados					
Personaxes relevantes					

2 Completa esta táboa sobre a economía andalusí.

	Características	Produtos
Agricultura		
Artesanía		
Comercio		

Ficha 4

Máis competente

Nome: Curso: Data:

A cidade de Granada

O reino de Granada foi o derradeiro territorio musulmán na Península. Granada contaba no século XV cuns cincuenta mil habitantes, o que a situaba entre as cidades máis grandes e poboadas de Europa. A súa poboación era moi numerosa porque moitos musulmáns fuxidos ou expulsados dos reinos cristiáns buscaran refuxio alí.

1 Le o seguinte texto e contesta as preguntas.

Granada pareceume un país delicioso e amplo, entre os máis extensos de al-Ándalus; alí está a capital do rei musulmán de al-Ándalus e a súa residencia real: ten unha posición marabillosa, edificios espléndidos, é graciosa, agradable, admirablemente situada. Hai nela todas as clases de artesáns e aseméllase a Damasco de Siria; hai auga corrente, hortas, xardíns e viñas. É punto de reunión de personaxes ilustres, de poetas, de sabios e de artistas; están nela os mellores homes do noso tempo; hai monumentos grandiosos e lugares amenos.

ABD AL-BASIT, Granada vista por un viaxeiro musulmán, 1465



- Como era Granada no século XV? Como eran os edificios?
- Onde estaba situada? Era unha cidade cunha economía e unha cultura moi desenvolvidas, segundo al-Basit?

2 Ver o vídeo de RTVE da serie «España a ras de cielo» dedicado á Alhambra: <http://www.rtve.es/alicarta/videos/espana-a-ras-de-cielo/espana-ras-cielo-alhambra-granada/2040570/>. Responde estas preguntas:

- Cando se construíu? Que obxectivo tiña a súa edificación?
- Que foi a Alhambra? Como son a súa estrutura e a súa decoración?
- Cando conseguiu ser recoñecida como Patrimonio da Humanidade?
- Que segredos e curiosidades se mencionan sobre a Alhambra? Busca algún máis e escribe un relato sobre ela.

3 Observa agora o seguinte vídeo sobre Medina Azahara, en Córdoba: <http://www.rtve.es/alicarta/videos/reportero-de-la-historia/reportero-historia-18-05-13/1825592/>. Contesta as preguntas comparando ambos os edificios.

- Describe como é a súa decoración. De que partes consta?
- Quen o mandou construír e para quen?

4 O reino nazarí de Granada foi conquistado polos Reis Católicos en 1492, cando o último emir de Granada, Boabdil, entregou a cidade aos monarcas. Busca información e escribe unha ficha biográfica sobre Boabdil.



Nome:

Curso:

Data:

A sociedade e a arte en al-Ándalus

1 Observa a pirámide social do Imperio islámico e compáraa coa organización social de al-Ándalus.



Conquistadores:

Relixión:

- Como se organizaba a sociedade islámica? E en al-Ándalus?
- Completa na pirámide da dereita unha pirámide similar sobre a organización social en al-Ándalus.
- Quen constituía o grupo dominante na sociedade andalusí?
- Que grupo tiña peor situación? Xustifica a resposta.
- Que criterio estaba establecido para pertencer a un grupo ou a outro? Razona a resposta.
- Era en xeral a sociedade islámica unha sociedade heteroxénea?

2 Analiza as seguintes obras de arte hispanomusulmá e destaca as características da arte islámica. Eran as mesmas en todo o islam ou diferenciábanse por territorios?



Patio dos Leóns (Alhambra de Granada).



Palacio da Aljafería de Zaragoza.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Ficha 6

PACTO DE PAZ ENTRE SANCHO IV DE PEÑALÉN
E AL-MUQTÁDIR DE ZARAGOZANome: Curso: Data:

LECTURA

No nome do Señor e da súa graza. Este é o xuramento ou pacto de paz que entre si xuraron e asinaron o señor rei Sancho de Pamplona e al-Muqtádir da cidade de Zaragoza –que Deus os glorifique– na Era MCXI, o día 23 de maio, no mesmo día en que se fixo o intercambio de castros, é dicir, de Caparroso e Tudején. Os mencionados reis xuráronse mutuamente manter a paz e amizade con boa vontade, unha vez terminada entre eles a malicia que houbo e a discordia, para que entre eles houbese boa concordia e amizade firmísima, como é norma que exista entre amigos fieis, sen engano ningún.

Al-Muqtádir da cidade de Zaragoza acordou dar cada ano ao rei Sancho 12.000 mancusos de ouro de lei, de forma que, se lle pracesse ao rei recibir ouro, o recibise, se lle agradaba recibir prata, por cada mancuso de ouro recibise 7 soldos de moeda de Zaragoza.

Á súa vez, o señor rei Sancho prometeu a al-Muqtádir da cidade de Zaragoza, que se observaba rectamente este pacto supradito sen ningún engano, se ocuparía de enviar unha embaixada a Sancho Ramírez para facelo desistir a el e a todos os seus de conquistar a terra de Huesca e facelo volver á súa terra e para que non fixese ningún dano nos territorios de Zaragoza. E se Sancho Ramírez non quixese retirarse das terras de al-Muqtádir, que enseguida o señor rei Sancho cabalque con todo o seu poder sobre Sancho Ramírez para danar a súa terra, e entre ambos lle dean escarmento segundo e no modo que está escrito nos primeiros acordos mesmos.

Ademais, se al-Muqtádir tivese precisión de axuda nalgunha parte e requirise ao seu amigo o señor rei Sancho para que persoalmente lle axudase cos seus homes, reciba aquel deste os reféns ou garantías que pida, e acuda na súa axuda. E se pedise a súa axuda sen el, déalle o rei dos seus homes cantos o mesmo al-Muqtádir queira. E mentres aqueles estivesen con al-Muqtádir, ao seu servizo, na mesma cabalgada para a cal os levou consigo, deles por cada día segundo o que é costume dar aos homes de Castela ou de Barcelona. E no momento en que al-Muqtádir retornase da cabalgada sinalada e viñese a Tudela, recibidos de Sancho os reféns debidos, dirixase con el, coma se dun se tratase, sobre aqueles castelos que hai que tomar, os que ten Sancho Ramírez tomados ao rei Sancho García e faga que os devolva ao seu poder. E, ademais de todo iso, en todo aquilo en que mutuamente se necesitasen o un ao outro axúdense, tanto contra os cristiáns coma contra os musulmáns.

Eu, al-Muqtádir da cidade de Zaragoza, xuro por Deus que fixo o ceo e a terra, o mar e todo o que neles hai, e pola lei que teñen os musulmáns, e por todos os xuramentos que todas as xentes xuran ante Deus, que eu non fun mentireiro en nada deste tratado acabado de escribir, que, se en algo mentín, perda o sentido e a comprensión da miña mente e sendo despoxadas as miñas xentes da lei, baixo a ira do Deus altísimo vaia á Meca e non volva de alí.

Escribiu Enneco, secretario do rei.

J. M. LACARRA, *Estudios de historia navarra*, 1971

CUESTIÓN

1 Tras ler o texto, responde as seguintes cuestións:

- Que tipo de texto é?
- Quen é o autor ou autores?
- Onde se asinou? A que etapa de al-Ándalus corresponde?
- Que calendario emprega?
- Busca información sobre os tres reis mencionados no texto. Que territorios controlaba cada un? Localízaos nun mapa.
- A que se compromete Sancho de Peñalén?
- Cales son os compromisos que adquire al-Muqtádir?
- Que eran as parias? En euros, a canto equivalerían hoxe as cantidades pagadas por al-Muqtádir?

Ficha 7

COEXISTENCIA E CONVIVENCIA ENTRE RELIXIÓNS

Nome: Curso: Data:

Ás veces, a convivencia entre as diferentes relixións (cristiá, musulmá e xudía) que vivían en al-Ándalus fíxose difícil, o que deu lugar a persecucións. Non obstante, a cultura foi espléndida e deixou unha destacada pegada.

LECTURA

Brotos de intolerancia en al-Ándalus

Un musulmán non debe dar masaxe a un xudeu nin a un cristián, así como tampouco tirar o seu lixo nin limpar as súas latrinas, porque o xudeu e o cristián son máis indicados para estas faenas, que son faenas para xentes viles. Un musulmán non debe coidar da cabalaría dun xudeu nin dun cristián, nin coidarlle as súas mulas, nin suxeitalle o estribo e, se se sabe que alguén o fai, repréndaselle.

Debe prohibirse ás mulleres musulmás que entren nas abominables igrexas, porque os clérigos son libertinos, fornicadores e sodomitas. Así mesmo, debe prohibirse ás mulleres francas que entren na igrexa máis ca en día de función ou festa, porque alí comen, beben e fornican cos clérigos, e non hai un deles que non teña dúas ou máis destas mulleres con que deitarse. [...]

Non deberá consentirse que ningún alcabaleiro, policía, xudeu nin cristián leve atavío de persoa honorable, nin de alfaquí, nin de home de ben; ao revés, deberán ser aborrecidos e afastados. Tampouco se lles saudará coa fórmula «A paz sexa sobre ti», porque Satán se apoderou deles por enteiro e fíxolles esquecer o nome de Deus, constitúen o partido de Satán. Deberán levar un signo polo que sexan coñecidos, por vía de humillalos.

Debe suprimirse en territorio musulmán o toque de campás, que só teñen que soar en terra de infieis. Non deben venderse a xudeus nin cristiáns libros de ciencia, salvo os que traten da súa lei, porque despois traducen os libros científicos e atribúenos aos seus e aos seus bispos, aínda que se trate de obras de musulmáns. O mellor sería non permitir a ningún médico xudeu nin cristián que se dedicase a curar os musulmáns, xa que non abrigan bos sentimentos cara a ningún musulmán, e que curen exclusivamente os da súa propia confesión, porque a quen non ten simpatía polos musulmáns, como se lle vai confiar as súas vidas?

Tratado de IBN ABDÚN, século XII

CUESTIÓNS

1 Tras ler o texto, contesta as preguntas.

- A que etapa da época de al-Ándalus corresponde este texto?
- Que se lle prohibe a un musulmán? A que cres que se debe?
- A onde non deben ir as mulleres? Por que?
- Que se lles prohibía ás outras relixións?
- Que critican dos xudeus e dos cristiáns?

2 Os musulmáns incorporaron ao mundo medieval grandes avances en medicina. Le o seguinte artigo: http://ccaa.elpais.com/ccaa/2012/05/14/andalucia/1337019287_017644.html e contesta.

- Como influíron os avances médicos musulmáns en todo Occidente?
- Que remedios encontraron os protagonistas desta novela?
- Cres que é posible que unha muller exercese a medicina no mundo musulmán? Razo a resposta.



Averroes foi un filósofo e médico cordobés do século XII.

AVALIACIÓN DE CONTIDOS

Nome:

Curso:


Data:

1 Explica o significado dos seguintes conceptos. (1 p.)

- Al-Ándalus:
-
- Razzias:
- Valí:
- Parias:
-
- Mozárabe:
-
- Taifa:
-

2 Sitúa na liña do tempo as seguintes etapas de al-Ándalus. Despois, contesta as preguntas. (1,5 p.)

- a. Emirato independente e califato
- b. Reinos de taifas e almorábides
- c. Almohades
- d. Reino nazarí de Granada



- En que ano se proclamou Abderramán I emir independente de Córdoba?
- En que ano se dividiu al-Ándalus en reinos de taifas?
- Cando se produciu a derrota musulmá das Navas de Tolosa?
- En que ano se conquistou o reino nazarí de Granada?

3 Observa o mapa e sinala con que etapa de al-Ándalus se corresponde. Que a caracteriza? (1,5 p.)

.....

.....

.....

.....

.....



4 Explica por que destacaron os seguintes personaxes. (1 p.)

- Tariq:
- Abderramán I:
- Abderramán III:
- Almanzor:

5 Como estaba organizada a sociedade andalusí? (1 p.)

.....

.....

.....

6 Completa a seguinte táboa sobre a economía en al-Ándalus. (1,5 p.)

	Características
Agricultura	
Artesanía	
Comercio	

7 Observa a imaxe e explica as características da arquitectura hispanomusulmá segundo estes aspectos. (1,5 p.)



Patio dos Leóns (Alhambra de Granada).

- Material:
 - Decoración:
 - Arcos:
 - Outros elementos:
-
-

8 Cita algún aspecto cultural en que destacou al-Ándalus. (1 p.)

.....

.....

AVALIACIÓN DE CONTIDOS

Nome:


Curso:

Data:

1 Explica a diferenza entre estes termos. (1 p.)

- Emirato dependente e califato:
-
- Visir e valí:
-
- Mozárabe e muladí:
-

2 Sitúa na liña do tempo as etapas de al-Ándalus. Despois, contesta as preguntas. (1,5 p.)



- En que ano se proclamou Abderramán I emir independente de Córdoba?
- Que monarca se proclamou califa en 929?
- En que ano se dividiu al-Ándalus en reinos de taifas?
- Cando se produciu a derrota musulmá das Navas de Tolosa?
- En que ano se conquistou o reino nazarí de Granada?

3 Analiza os seguintes mapas e contesta as preguntas. (1,5 p.)



- A que etapa de al-Ándalus corresponde o primeiro mapa? E o segundo?
-
- Que caracteriza cada unha destas etapas?
-
-

4 Clasifica cada personaxe na etapa correspondente e di unha característica principal de cada un deles: (1 p.)

Personaxe	Etapas (cronoloxía)	Característica
Abderramán I		
Musa		
Almanzor		
Abderramán III		

5 Explica a organización da sociedade de al-Ándalus segundo os seus criterios relixiosos. (1 p.)

.....

.....

.....

6 Completa a seguinte táboa sobre a economía hispanomusulmá. (1,5 p.)

	Características	Produtos
Agricultura		
Artesanía		
Comercio		

7 Observa as seguintes imaxes, clasifica a que período corresponden e o que as caracteriza. (1,5 p.)



.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

8 Por que se di que al-Ándalus tivo unha cultura espléndida? (1 p.)

.....

Criterios de avaliación*	Estándares de aprendizaxe*	Actividades	
		Control B	Control A
B3-27. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais.	B3-27.1. Comprende a orixe do islam e o seu alcance posterior.	1, 2, 4	1, 2, 4
	B3-27.2. Explica a importancia de al-Ándalus na Idade Media.	1, 2, 4, 5, 6, 8	1, 2, 4, 5, 6, 8
B3-28. Entender o proceso das conquistas e da repoboación dos reinos cristiáns na península ibérica e as súas relacións con al-Ándalus.	B3-28.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiá na península ibérica.	3	3
B3-29. Comprender as funcións diversas da arte na Idade Media.	B3-29.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica.	7	7

* Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe segundo o establecido para Secundaria polo currículo do Ministerio.

Control B

- 1
 - Al-Ándalus: era o nome co que os musulmáns denominaron o territorio da península ibérica que chegaron a controlar.
 - Razzias: campañas de saqueo que levou a cabo o xeneral Almanzor contra os territorios cristiáns.
 - Valí: axudaba o califa nas súas funcións. Gobernaba nas provincias e nas marcas fronteirizas de Zaragoza, Toledo e Mérida.
 - Parias: tributos que os reis de taifas pagaban aos reis cristiáns para evitar os seus ataques.
 - Mozárabe: era o cristián que continuou practicando a súa relixión en al-Ándalus.
 - Taifa: territorio ou reino en que se dividiu a península ibérica en 1031 tras a morte de Almanzor. Enfrontáronse entre si permanentemente para dominar as máis débiles.
- 2 R. G. Na liña do tempo situarán as letras da seguinte maneira: a, c, b, d.
 - No ano 756.
 - No ano 1031.
 - No ano 1212.
 - No ano 1492.
- 3 O mapa correspóndese co reino nazarí de Granada, que foi o último territorio musulmán na Península. Nel consolidou o seu poder a dinastía Nasr ou nazarí. Estendíase polas actuais provincias de Málaga, Almería, Granada e a parte oriental de Cádiz. O reino nazarí era débil. Durante máis de dous séculos foi vasalo de Castela. Os reis granadinos pagaban un tributo aos monarcas casteláns e axudábanos en caso de guerra. Non obstante, alcanzou un grande esplendor no século XIV.
 - 4 A historia de Granada estivo marcada polas loitas internas entre a dinastía nazarí e outras familias nobres, como a dos Abencerraxes. Os enfrontamentos internos debilitaron tanto o reino que acabaron facilitando a conquista cristiá polos Reis Católicos en 1492.
 - Tariq: xeneral de Musa, que cruzou o estreito de Gibraltar no ano 711 e derrotou os visigodos na batalla de Guadalete.
 - Abderramán I: emir independente de Córdoba, proclamado no ano 756.
 - Abderramán III: primeiro califa independente de Córdoba, (auto)proclamado no ano 912.
 - Almanzor: xeneral que gobernou desde o ano 976, cando accedeu ao título Hisham II, de só once anos. Destacou polas súas numerosas razzias contra os cristiáns.
 - 5 A sociedade andalusí era heteroxénea. O grupo máis poderoso era o dos conquistadores e os seus descendentes. Deles, a minoría de orixe árabe reservou para eles as mellores terras e os cargos de goberno. Os conquistadores de orixe bérber ocupaban unha posición inferior. O resto da poboación organizábase segundo criterios relixiosos:
 - Os muladí eran antigos cristiáns que adoptaron a relixión, a lingua e os costumes do islam.
 - Os mozárabes eran os cristiáns que continuaron practicando a súa relixión. Como non eran musulmáns, pagaban impostos. A partir do século IX, moitos emigraron aos reinos do norte, fuxindo das persecucións que sufriron.
 - Os xudeus eran unha minoría moi activa economicamente.

As mulleres estaban sometidas aos homes. O chanzo máis baixo era o dos escravos.

- 6 • **Agricultura:** a maior parte da poboación andalusí dedicábase á agricultura. Cultivaban cereais, vide e oliveira, ademais de árbores froiteiras. Desenvolveron técnicas de regadío e introduciron novos cultivos, como o algodón, o arroz, as berenxenas, as alcachofas...
 - Os artesáns desenvolveron nas cidades unha artesanía de calidade. Os artesáns xuntábanse por zocos e por barrios. A cerámica, o repuxado do coiro, a ourivaría, as armas e o traballo da seda eran as manufacturas máis destacadas, pero tamén se traballaban o esparto, o pergamiño, o marfil, a madeira...
 - **Comercio:** al-Ándalus foi tamén un activo centro comercial. Utilizábanse dúas moedas: o dinar de ouro e o dirhem de prata. Exportaba produtos artesáns e importaba ouro e escravos.
- 7 • **Material:** trátase dun material pobre como o ladrillo.
 - **Decoración:** era moi abundante, con motivos xeométricos, neste caso.
 - **Arcos:** pódense ver na imaxe arcos polilobulados e de ferradura.
 - **Outros elementos:** destaca a importancia do uso da auga.
- 8 Al-Ándalus destacou no aspecto cultural, por exemplo, co desenvolvemento da poesía. Había poetas de corte, que recibían un soldo, e poetas populares, que ían dun lugar a outro e recitaban os seus poemas nas festas populares.

Control A

- 1 • **Emirato dependente e califato:** no emirato dependente, o emir de al-Ándalus dependía do califato de Damasco. No califato, Abderramán III adxudicouse o título de califa, o que o convertía na máxima autoridade de al-Ándalus.
 - **Visir e valí:** funcionarios que axudaban no goberno de al-Ándalus, o primeiro era unha especie de ministro e o segundo gobernaba nas provincias e as marcas fronteirizas.
 - **Mozárabe e muladí:** os mozárabes eran os antigos cristiáns que vivían en territorio musulmán e que continuaron practicando a súa relixión e os muladíes os cristiáns que se converteron ao islam.
- 2 R. G. Na liña do tempo situarán: emirato independente e califato; reinos de taifas e almorábides; almohades; reino nazarí de Granada.
 - No ano 756.
 - Abderramán III.
 - No ano 1031.
 - No ano 1212.
 - No ano 1492.
- 3 • O primeiro mapa correspóndese cos reinos de taifas e o segundo, co período almorábide.

- Tras a morte de Almanzor en 1002, as loitas internas asolaron al-Ándalus ata que se depuxo ao último califa de Córdoba, en 1031. O califato dividiuse a partir de entón en numerosos reinos ou taifas, unha situación que reflectía as profundas divisións étnicas e políticas da sociedade andalusí.

As taifas enfrontáronse entre si permanentemente, pois as máis poderosas quixeron apoderarse das máis débiles. Destacaron as taifas de Sevilla, Toledo, Badaxoz e Zaragoza. A desunión debilitounas, polo que tamén foron fustrigadas constantemente polos reinos cristiáns do norte.

No século XI, as taifas chamaron na súa axuda aos almorábides, guerreiros bérberes que formaran un grande imperio no norte de África, con capital en Marraquex. Profesaban un islam máis estrito. En 1086 cruzaron o estreito de Xibraltar e chegaron á península ibérica para frear o avance dos reinos cristiáns. En 1089 iniciaron a ocupación de diversas taifas, pero os avances cristiáns e a impopularidade dalgunhas das medidas que adoptaron provocaron revoltas. Os almorábides non puideron impedir a fragmentación de novo de al-Ándalus en multitude de pequenos Estados.

- 4 • **Abderramán I:** emirato independente (750-912); primeiro emir independente de Córdoba. Fixo fronte a numerosas revoltas internas e a incursións militares dos francos e dos cristiáns.
 - **Musa:** conquista (711). Gobernador do norte de África que cruzou o estreito de Xibraltar e derrotou o rei visigodo Rodrigo na batalla de Guadalete.
 - **Almanzor:** califato (912-1031). Cando accedeu ao título de califa Hisham II, de só once anos, fíxose con todo o poder no ano 976. Destacou polas súas numerosas razas contra os cristiáns.
 - **Abderramán III:** califato (912-1031). Nomeouse a si mesmo califa no ano 929. Sufocou numerosas sublevacións.
- 5 Segundo criterios relixiosos pódese distinguir:
 - Os muladíes eran antigos cristiáns que adoptaron a relixión, a lingua e os costumes do islam.
 - Os mozárabes eran os cristiáns que continuaron practicando a súa relixión. Como non eran musulmáns, pagaban impostos. A partir do século IX, moitos emigraron aos reinos do norte, fuxindo das persecucións que sufriron.
 - Os xudeus eran unha minoría moi activa economicamente. Residían en barrios separados, as xudarías.
- 6 • **Agricultura:** Características: a maior parte da poboación andalusí dedicábase á agricultura. Desenvolveron técnicas de regadío e introduciron novos cultivos.
Produtos: cultivaban cereais, vide e oliveira, ademais de árbores froiteiras e novos produtos como o algodón, o arroz, as berenxenas, as alcachofas...
 - **Artesanía:** Características: os artesáns desenvolveron nas cidades unha artesanía de calidade. Os artesáns xuntábanse por zocos e por barrios.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E SOLUCIÓNS

Produtos: a cerámica, o repuxado do coiro, a ourivaría, as armas e o traballo da seda eran as manufacturas máis destacadas, pero tamén se traballaban o esparto, o pergamiño, o marfil, a madeira...

- Comercio: Características: al-Ándalus foi tamén un activo centro comercial. Utilizábanse dúas moedas: o dinar de ouro e o dirhem de prata.

Produtos: exportaba produtos artesáns e importaba ouro e escravos.

- 7** • A primeira imaxe é o Xeneralife de Granada, correspondente ao período nazarí. Destacan nesta imaxe o uso da auga e a abundante decoración dos arcos.
 - A segunda imaxe é a Aljafería de Zaragoza, que corresponde co período das taifas. Destacan os arcos polilobulados moi decorados e os teitos planos de madeira.
- 8** Dise que en al-Ándalus destacou a cultura pois foi un centro de importancia para a posterior cultura occidental. Sobresaíron en aspectos como a medicina, a ciencia e a poesía.


Nome: _____

Curso: _____

Data: _____

Estiveches coa túa familia de viaxe pola provincia de Córdoba e, entre outros monumentos, visitaches a mesquita de Córdoba e o palacio de Medina Azahara. Recompilaches numerosa información que agora queres ordenar e clasificar.

1 Observa o esquema e le o texto. Despois responde as preguntas. (2 p.)



Córdoba, mércores 7 de maio de 822

Hoxe celebrouse na mesquita musulmá a cerimonia de xuramento de fidelidade ao noso novo emir, Abderramán, fillo do defunto al-Hakam I, que Alá se apiade del! Tras recibir no alcázar os visires e dignitarios do Estado, que lle prestaron o seu xuramento, Abderramán II trasladouse á súa residencia, onde xunto con seu irmán al-Mugira, o herdeiro, recibiu a outras personalidades. Despois al-Mugira chegou á gran mesquita ao lombo do seu cabalo, entrou e instalouse xunto ao púlpito. Ante el desfilou o pobo para renderlle reverencia e prometer fidelidade e obediencia ao novo emir e ao seu herdeiro. Alá os garde moitos anos! Desenvolveuse así a primeira parte desta cerimonia na mesquita, que durará aínda varios días para que todo o pobo poida acudir.

IBN IDARI, *Al-Bayan al Mughrib*, 1325

- Cantas ampliacións se distinguen na planta da mesquita?
- Saberías dicir en que etapa da historia de al-Ándalus se produciron?
- Resume brevemente en que destacaron estes gobernantes:
 - Abderramán I:
 - Abderramán III:
 - Almanzor:
- Tras ler o texto, explica que acontecemento se celebrou na mesquita.
- En que período sucedeu este nomeamento? Que diferenza había entre un emir e un califa?
- Ademais de para a oración, para que outras cousas se empregaban as mesquitas?

2 Córdoba foi unha importante cidade con preto de 300.000 habitantes. Que tipo de poboación vivía nas cidades? Como se organizaba? (1,5 p.)

.....
.....
.....

3 Cerca da mesquita desenvolvíase un importante comercio, sen esquecer unha activa artesanía. (1,5 p.)

- Que exportaba e importaba al-Ándalus?
- Que produtos elaboraban principalmente?

4 Almanzor trouxo das súas razzias numerosos botíns que embeleceron a cidade de Córdoba. Contesta. (1 p.)

- Que eran as razzias?
- Cales foron as máis destacadas?

5 Tras o final da etapa califal, Córdoba entrou en decadencia e converteuse nunha taifa. (1,5 p.)

- Que eran as taifas e por que destacaron?
- Que pobos norteafricanos chegaron para intentar unificar as taifas? Consegúrono?

6 Le o texto e explica que importancia tivo o desenvolvemento cultural en al-Ándalus. (1 p.)

Estiven, di (o bibliófilo al-Hadrami), unha vez en Córdoba e adoitaba ir con frecuencia ao mercado de libros por ver se encontraba á venda un que tiña vehemente desexo de adquirir. Un día, por fin, apareceu un exemplar de fermosa letra e elegante encadernación. Tiven unha grande alegría.

.....
.....
.....
.....

7 Ademais da cidade de Córdoba visitaches os restos de Medina Azahara, mandada construír por Abderramán III. (1,5 p.)

- En que etapa e en que século a ordenou edificar?
- Observa a imaxe e describe as características da arquitectura hispanomusulmá.



Competencias que se avalían	Criterios de avaliación*	Estándares de aprendizaxe*	Actividades
Comunicación lingüística	B3-27. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais.	B3-27-1. Comprende a orixe do islam e o seu alcance posterior.	1
		B3-27-2. Explica a importancia de al-Ándalus na Idade Media.	1, 2, 3, 4, 5
Competencia social e cívica	B3-28. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na península ibérica e as súas relacións con al-Ándalus.	B3-28.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiá na península ibérica.	1, 5
Conciencia e expresión cultural	B3-29. Comprender as funcións diversas da arte na Idade Media.	B3-29.1. Describe as características da arte románica, gótica e islámica.	6, 7

* Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe segundo o establecido para Secundaria polo currículo do Ministerio.

1 • Cinco.

- A mesquita comeza a construírse con Abderramán I, que pertence á etapa do emirato independente. Continuaron as reformas con Abderramán II, tamén do emirato independente. Abderramán III pertence á etapa do califato, así como o seu fillo Al-Hakam II e Almanzor.
- Abderramán I: destacou por proclamarse no ano 756 emir independente de Córdoba. Fixo fronte a revoltas internas e a incursións dos francos e cristiáns.
- Abderramán III: herdou o trono en 912 e no ano 929 proclamouse califa independente.
- Almanzor: cando accedeu ao título de califa Hisham II, de só once anos, fíxose con todo o poder no ano 976. Destacou polas súas numerosas razzias contra os cristiáns.
- Nomeárase emir a Abderramán II.
- Durante o emirato independente. Un emir era unha autoridade política, pero que seguía recoñecendo a autoridade relixiosa de Damasco. Mentres que o califa, ademais da autoridade política posuía a autoridade relixiosa.
- As mesquitas tamén se empregaban como escola e espazo en que se difundían as noticias importantes ou se proclamaban os nomeamentos políticos.

2 O grupo máis poderoso era o dos conquistadores e os seus descendentes. Deles, a minoría de orixe árabe, reservou para eles as mellores terras e os cargos de goberno. Os conquistadores de orixe bérber ocupaban unha posición inferior. O resto da poboación organizábase segundo criterios relixiosos:

- Os muladíns eran antigos cristiáns que adoptaron a relixión, a lingua e os costumes do islam.
- Os mozárabes eran os cristiáns que continuaron practicando a súa relixión. Como non eran musulmáns,

pagaban impostos. A partir do século IX, moitos emigraron aos reinos do norte, fuxindo das persecucións que sufriron.

- Os xudeus eran unha minoría moi activa economicamente. Residían en barrios separados, as xudarías.

As mulleres estaban sometidas á autoridade do pai ou do marido, pero gozaban de maior liberdade ca no resto do mundo islámico. O chanzo social máis baixo era o dos escravos.

3 • Exportaban produtos artesáns e importaban ouro e escravos.

- A cerámica, o repuxado do coiro, a ourivaría, as armas e o traballo da seda eran as manufacturas máis destacadas, pero tamén se traballaban o esparto, o pergamiño, o marfil, a madeira...

4 • As razzias eran campañas de saqueo contra os reinos cristiáns do norte.

- Destacaron os ataques ás cidades de Barcelona e Santiago de Compostela.

5 • As taifas formáronse cando tras a morte de Almanzor, en 1002, as loitas internas asolaron al-Ándalus ata que se depuxo ao último califa de Córdoba, en 1031. O califato dividiuse a partir de entón en numerosos reinos. Este foi o comezo dunha etapa de forte crise política, pero de gran brillantez cultural en al-Ándalus.

As taifas enfrontáronse entre si permanentemente, pois as máis poderosas quixeron apoderarse das máis débiles. Destacaron as taifas de Sevilla, Toledo, Badaxoz e Zaragoza. A desunión debilitounas, polo que tamén foron frustradas constantemente polos reinos cristiáns do norte.

- As taifas chamaron primeiro aos almorábides, guerreiros bérberes que formaran un grande imperio no norte de África e a partir do século XII, aos almohades. Aínda

que nun principio conseguiron someter algunhas taifas, o pulo dos cristiáns, e sobre todo a derrota dos almohades na batalla das Navas de Tolosa en 1212, desintegrou todo o imperio almohade que foi facilmente conquistado polos cristiáns, salvo o reino nazarí de Granada.

- 6** A cultura tivo moito desenvolvemento en al-Ándalus, o que influíu na prosperidade económica e en certa tolerancia intelectual, sobre todo durante a etapa califal e as primeiras taifas.

Destacaron a creación de bibliotecas, a poesía e grandes pensadores como os cordobeses Maimónides e Averroes.

- 7**
- Mandouse edificar durante a época califal, a época máis brillante do período andalusí.
 - Na imaxe pódese ver que se empregaron materiais pobres para a construción, pero que se decoraron abundantemente con motivos vexetais, xeométricos e versos do Corán. Destacan as columnas e os diversos tipos de arcos, como o arco de ferradura, neste caso.

6. OS REINOS CRISTIÁNS HISPÁNICOS

Guión da unidade e suxestións didácticas 168

- Contidos da unidade. 168
- Banco de recursos 168
- Itinerarios didácticos 169
- Traballo con distintas metodoloxías 169
- Descrición de imaxes da unidade 170
 - Mapa da expansión dos reinos cristiáns 170
 - O castelo de Peñafiel (Valladolid) 170
 - A expansión da Coroa de Aragón polo Mediterráneo 171
 - O Camiño de Santiago. 172
- Para saber máis. 173
 - A reconquista. 173
 - As cidades medievais españolas 173
 - As institucións aragonesas 173
- Banco de datos 174
 - Algunhas obras románicas en España. 174
 - Algunhas obras góticas en España 174
- Recursos bibliográficos e multimedia 175

Ensinanza individualizada 176

- Repaso e apoio 176
 - Conceptos e contidos fundamentais. 176
 - Ficha 1. Nacemento dos reinos cristiáns 176
 - Ficha 2. A reconquista e a repoboación. 177

• Organización de coñecementos	178
Ficha 3. A Coroa de Castela	178
Ficha 4. A Coroa de Aragón	179
• Máis competente	180
Ficha 5. A cidade de Toledo	180
Ficha 6. O Cid Campeador	181
• Repaso acumulativo	182
Ficha 7. A reconquista e a arte nos reinos cristiáns.	182
■ Afondamento.	183
Ficha 8. Carta de poboamento de Lleida	183
Ficha 9. O rei en Castela e en Aragón	184
■ Autoavaliación.	185
Recursos para a avaliación de contidos	186
■ Controis	186
• Control B	186
• Control A	188
■ Estándares de aprendizaxe e solucións.	190
Recursos para a avaliación por competencias	194
■ Proba	194
■ Estándares de aprendizaxe e solucións.	196

11. ESPAÑA E GALICIA: TERRITORIO, POBOACIÓN E CIDADES

Guión da unidade e suxestións didácticas	326
■ Contidos da unidade	326
■ Banco de recursos	326
■ Itinerarios didácticos	327
■ Traballo con distintas metodoloxías	327
■ Descrición de imaxes da unidade	328
• Evolución da poboación española: a transición demográfica	328
• Procedencia da inmigración en España	329
• Densidade de poboación de España por provincias	330
■ Para saber máis	331
• Os censos	331
• Revolución Industrial e crecemento urbano	331
■ Banco de datos	332
• Indicadores demográficos por Comunidades Autónomas	332
• Migracións en España	332
■ Recursos bibliográficos e multimedia	333
Ensinanza individualizada	334
■ Repaso e apoio	334
• Conceptos e contidos fundamentais	334
Ficha 1: A organización territorial e política de España	334
Ficha 2: O crecemento natural	335
Ficha 3: A densidade de poboación e a xerarquía urbana	336
• Organización de coñecementos	337
Ficha 4: A poboación española e a súa distribución	337
• Máis competente	338
Ficha 5: As migracións en España	338
Ficha 6: Cidades históricas españolas	339

DESCRIBIÓN DE IMAXES DA UNIDADE


DENSIDADE DE POBOACIÓN DE ESPAÑA POR PROVINCIAS

A densidade de poboación é unha medida de distribución de poboación dun país ou rexión, que é equivalente ao número de habitantes dividido entre a área onde habitan. Indica o número de persoas que viven en cada unidade de superficie, e normalmente exprésase en habitantes por km^2 . A unidade administrativa utilizada para representar a densidade de poboación é a provincia. Esta división ten unha gran tradición en España e remóntase á división territorial que se fixo en 1833. Na actualidade hai 50 provincias.

España ten unha densidade media de 92 hab./ km^2 , algo por debaixo da media europea que é de 116 hab./ km^2 . Por países, España está lonxe dos máis densamente poboados: Alemaña (229 hab./ km^2), Bélxica (352 hab./ km^2), Italia (200 hab./ km^2), Países Baixos (396 hab./ km^2) e Reino Unido (251 hab./ km^2). Países cunha densidade de poboación similar á española son Austria (99 hab./ km^2), Francia (99 hab./ km^2) e Romanía (90 hab./ km^2) e moi por debaixo quedan Estonia (29 hab./ km^2), Letonia (35 hab./ km^2) e Suecia (20 hab./ km^2).

A primeira visión que ofrece o mapa é o evidente contraste entre o litoral e o interior pois, excepto Madrid, as restantes provincias con maior densidade sitúanse na periferia peninsular e nas illas. Segundo as categorías establecidas no mapa hai cinco grupos de provincias que, de menor a maior densidade de poboación, son:

- Provincias menos densamente poboadas (< 20 hab./ km^2): Zamora, Huesca, Teruel, Soria e Cuenca. Non só están no interior peninsular, senón que, ademais, teñen unha orografía bastante accidentada: os Montes de León (norte de Zamora), Pireneos (norte de Huesca) e Sistema Ibérico (Teruel, Soria e Cuenca). O relevo e, en consecuencia, o clima, fan dunha parte destas provincias, ademais doutros factores, lugares pouco favorables para o poboamento.



- Provincias entre 20-80 hab./ km^2 : todas as provincias do interior peninsular, ademais de Huelva, Granada, Almería e Lugo, que teñen costa. Trátase de provincias que, en xeral, teñen un menor dinamismo económico ca as do litoral, polo que se foi producindo cos anos un transvasamento de poboación desde o interior cara á costa.
- 80-120 hab./ km^2 : están as provincias de Asturias, Cantabria, Áraha e Castelló de la Plana. Excepto Áraha, todas se encontran no litoral. Áraha, aínda que estea situada no interior, encóntrase entre Guipúscoa, Biscaia e A Rioxsa, provincias de grande actividade económica industrial e agroalimentaria.
- 120-500 hab./ km^2 : Sevilla, Cádiz, Málaga, Valencia, Alacant, Murcia, Xirona, Tarragona, Guipúscoa, A Coruña e Pontevedra. Todas no litoral mediterráneo, excepto as tres últimas.
- > 500 hab./ km^2 : Madrid, Barcelona e Biscaia. Nelas encóntranse as cidades máis poboadas de España, así como importantes centros industriais e de servizos que atraen moita man de obra.

Por Comunidades Autónomas, só catro delas (Andalucía, Cataluña, Comunidade de Madrid e Comunidade Valenciana) concentran aproximadamente o 60 % da poboación total de España. Tres delas están na zona litoral, mentres que a Comunidade de Madrid, no centro da Península, debe a súa elevada poboación ao papel de capital do Estado, o que favoreceu o seu gran desenvolvemento urbano e económico.